

SOÑAR CON DINOSAUROS

Texto de ALLAN AHLBERG

Ilustracións de ANDRÉ AMSTUTZ

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartón. 21,2 x 27,5 cm. 32 páx. 16 €

Con tinta fosforescente na cuberta.

Soñar con dinosaurios (galego)

ISBN 978-84-1343-240-3. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Soñar con dinosaurios (castelán)

ISBN 978-84-1343-241-0. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Somiant amb dinosaurios (català)

ISBN 978-84-18558-74-0. Álbum ilustrado. Clàssics contemporanis.

Dinosaurio ametsak (euskara)

ISBN 978-84-9172-344-8. Álbum ilustrado. Gaur egungo klasikoak.

Sonhos com dinossauros (português)

ISBN 978-989-749-169-6. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

Nunha escura, escurísima rúa,

hai unha alta, altísima casa.

Nesa alta, altísima casa,

hai un profundo, profundísimo soto...

Os personaxes desta mítica serie son perseguidos en soños por uns feros dinosaurios, ata un inesperado e cómico final.

Aos esqueletos máis divertidos da literatura infantil únense os esqueletos máis portentosos e bravos, pola súa enorme envergadura e ferocidade, que coñecemos polos museos e os libros de prehistoria: os dinosaurios. É unha alianza perfecta!

Tamén destaca o contexto onírico no que transcorre o relato, onde ata os soños poden ser compartidos entre o esqueleto grande, o esqueleto pequeno e o esqueleto de can. Este último, precisamente, demostra que o seu menor tamaño non lle impide enfrontarse aos mangallóns.

«Soñar con dinosaurios» está cheo de sorpresas, risas e humor: dende o aspecto humanizado dos protagonistas, ata a fusión dos seus ósos nun único e gigantesco fósil, pasando polo xogo das agachadas do que fan partícipes as lectoras e os lectores. O resultado é un pesadelo do máis terrible e divertido!

Como en «Os esqueletos divertidos» e «Noite de golpes», o colorido das ilustracións -sobre fondo negro- resalta o carácter alegre desta serie. O seu trepidante dinamismo plásmase na variedade de escenarios nos que transcorre a historia, próxima ao cómic polo uso de viñetas, bocadillos e nubes que enmarcan os soños.



■ **Temática:** conto de medo e de humor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** esqueletos, os ósos do corpo; dinosaurios, prehistoria; noite, soños; xogos, humor, diversión; cómic; os elementos gráficos da cuberta brillan na escuridade; outros títulos da serie: «[Os esqueletos divertidos](#)» e «[Noite de golpes](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sonhar-con-dinosaurios-g>

Allan Ahlberg

(Croydon, Inglaterra, 1938 - 2025)

Autor dunha extensa bibliografía de clásicos da literatura infantil. Mestre de Educación Primaria, comezou a súa traxectoria como escritor en 1975, xunto coa súa primeira dona, a ilustradora Janet Ahlberg, á que coñeceu na escola de maxisterio. Ata que ela faleceu en 1994, xuntos chegaron a publicar uns 40 títulos distinguidos con premios tan importantes como a Medalla Kate Greenaway ou o British Book Award. A obra completa deste escritor suma máis de 150 libros, algúns deles ilustrados pola filla de ambos os dous, Jessica Ahlberg.

André Amstutz

(Brighton 1925 - 2015)

Estudou arte e deseño na Escola de Arte de Brighton a principios da década de 1940. Tras servir na Segunda Guerra Mundial, traballou no equipo de animación de Musical Paintbox, unha serie de curtametraxes sobre a historia e a cultura británicas. Posteriormente foi director de arte en prestixiosas axencias de publicidade, onde deseñou carteis e material promocional para destacadas firmas. A partir de 1960 desenvolveu unha prolífica carreira como ilustrador de libros para público infantil, con máis de 60 títulos. Foi Allan Ahlberg -a quen coñeceu sendo lector do Colexio de Arte e Deseño de Leicester- quen o introduciu neste sector e xuntos crearon as series *Funny Bones* e *Happy Families*. Foi membro da Sociedade de Artistas e Deseñadores Industriais.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com